Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O reparto de Lume de Suso

Lume de Suso é un lugar dividido entre as parroquias de Castro e San Xusto do concello de Coristanco (A Coruña).

A orixe do reparto é antiga e ten a orixe nunha discusión entre os santos padroeiros de ambas parroquias, San Xulián de San Xusto contra Santa Baia de Castro. Primeiro rifaron pero sen resultado e entón acordaron ír á pillota, a ver cal dos dous collía para si máis casas.

San Xulián equipouse moi ben, calzou botas altas e fortes; Santa Baia, en cambio, foi á disputa descalciña.

Pero, o que son as cousas, foi Santa Baia a que colleu máis casas para ela, pois San Xulián esqueceu que había que cruzar un camiño cun lameiro e coas súas botas pesadas quedou espetado alí. Só tivo tempo para coller dúas casas para si; as máis foron para Santa Baia.

Esta é a explicación polo que só dúas casas de Lume de Suso pertencen á parroquia de San Xusto e o resto á de Castro.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

FERNÁNDEZ CARRERA, X. X. e RIAL LEMA, R. Mª., A cultura popular en Coristanco, Imprenta San Cristobal, Baio, 1997, p.182.